

CHARLA SOBRE PINTURA¹¹⁶

Non sei o que un pintor poderá expresar falando, pero tampouco sei o que poderá expresar pintando. Velaquí estou con vostedes, disposto a facer un ensaio, falándolles dun mundo ou, mellor dito, dunha serie de mundos, dos inmensos mundos da pintura.

Non hai muller nin home que non se atreva a discutir un cadro ou un debuxo. Que neno, tanto o neno das montañas coma o neno das cidades, non fixo os seus inxenuos e espontáneos debuxos ou as súas esculturas en barro ou tallas con navalla de pastor? Apóíome nisto para crer que a pintura é a primeira das artes.

Como nos caeu en sorte, polo menos a min, vivir nun momento no que todo artista ten liberdade ata para suicidarse expresándose a si mesmo, moitas veces pensei en escribir un libro. Claro que tal libro suxírenmo a serie de obras faltas de imaxinación que penduran das salas de exposicións. Dá pena ver tanto material asasinado e algún dos cadros mostrando feridas taponadas con trapos e vendas. Alí están para que o público vexa como no nome da creación se comete o asasinato da mesma.

Volvendo ao principio da miña charla, cando dixen que non sabía o que un pintor podería expresar falando, quixen dicir que o home coa palabra nunca podería abrírlle á xente a ventá pola que se ve a auténtica pintura. Tamén dixen que non sei o que un pintor podería expresar pintando, porque un pintor auténtico é toda unha vida esgotada na procura do seu propio mundo plástico. É un home nun bosque, descubriendo flores silvestres ou nunha enorme montaña, procurando pedras preciosas ata morrer insatisfeito. Este é o sentido que eu quería dar ao dicir que non sei o que un pintor poderá expresar pintando.

Houbo uns homes libres que descoñeceron a era da explotación do home polo home. Viñeron ao mundo en plena natureza, á luz do día ou no interior dunha cova, alimentados pola caza e a pesca, único traballo e deporte que facían. Quedándolles

116. Fonte: CASTRO FERNÁNDEZ, X.A. et al. *Laxeiro*, op. cit.

Publicado tamén en CARUNCHO AMAT, L.M. *Laxeiro*, op. cit.

En CASTRO FERNÁNDEZ, X.A. *Laxeiro, 1934-1985...*, op. cit., aparece incompleto, coa anotación de "Fragmentos".

Antón Castro atribúe o parágrafo: "(...) Dá pena ver tanto material asasinado e algún dos cadros amosando feridas taponadas con trapos e vendas. Alí están para que o público vexa como no nome da creación se comete o asasinato da mesma (...)" á conferencia *Os barrigas verdes da pintura*, pronunciada no Museo de Artes Plásticas de la Ciudad de La Plata, en 1965. Con todo, é o mesmo autor quen, en 1996, atribúe a esta conferencia o texto titulado *Charla por Don Ramiro* que reproducimos na presente publicación coa referencia 116.

moito tempo libre, chegaron a ser os grandes mestres do debuxo e da cor. Non sabían ler. O home non era culto. Aínda estaba moi lonxe del a palabra “cultura”, que a tanto babeco adorna nos nosos días. A aquel home de “antes do home” débenselle as grandes obras de debuxo e cor das covas de Altamira, que seguirán sendo en todos os tempos lección de recreación e síntese, manancial aberto para os ollos dos elixidos, os ollos do auténtico artista, eses ollos que miran cara a fóra e cara a dentro de si mesmos, os ollos do xenio creador. Fiquemos en silencio fóra das covas de Altamira.

Agora pensemos como a cultura e o coñecemento do artista nato, non ten nada que ver co coñecemento e a cultura do home que hoxe se denomina culto. Neste caso o profundo, o medular, está en Altamira e a esa fonte de sabedoría ten que ir beber cultura artística o home culto dos nosos días. Por aí cómpre comezar, se queremos chegar a comprender os distintos mundos que hai no inmenso mundo da pintura. Por esta fenda vese que o profundo, o misterioso da arte vive na medula, no sangue do artista. Por iso é tan difícil o labor do crítico.

Dixen ao principio que non hai muller nin home que non se atreva a dar a súa opinión dun cadro ou dun debuxo. Grazas a iso existe a crítica, clasificadora do bo ou do malo e, en moitos casos, a que anima ao artista a non desmaiar na busca da obra de arte.

A este respecto, temos que recoñecer que en ningunha época houbo no mundo unha información, de todo o que creou o artista plástico, como a que existe hoxe. Por iso hai mellores críticos e máis xente que entenden o que é a boa pintura, a boa escultura ou un bo debuxo. Pero, atención!, esta xente que entende é porque se preocupou profundamente polo creado polo home. Van ver exposicións, visitan museos, len críticas de arte, van a todas as conferencias que tratan do tema. Se teñen cartos mercan monografías de pintura. Se non os teñen válese das bibliotecas públicas ou de particulares. Só así poderán asomarse á ventá pola que se verá un día a verdadeira obra de arte. As máis das persoas van ver nas exposicións o que elas pintarían, pero non van ver o que pinta un pintor. Ademais, van co pincel detrás da orela, por non dicir coa mosca, para ver onde están os defectos. O que así entre nun museo ou nunha exposición, tarde ou nunca terá idea do que se trata.

Os mundos da pintura son moi complexos. Fórmanse do mundo ou dos mundos que descobre cada artista no seu afán de explicar coa liña ou a cor. No misterio destes mundos é onde se perde a xente que entra nos museos ou nunha exposición. Atópanse fronte a unhas formas e a un colorido que non existe dentro deles. Claro que isto acontécelles con máis frecuencia aos que dixeran antes, aos que entran coa “mosca detrás

da orella". Os que entran con desexos de ver o que non está neles poderán saír cargados de mel, se é que hai mel nestas flores. Eu son dos que cren que a boa pintura se mastiga e se saborea. Falo de pratos que entran polos ollos. É frecuente oír nas malas exposicións exclamacións coma esta, fronte a unha natureza morta: "Mira que ben están estas mazás, dan ganas de comelas!". Estes comedores de naturezas mortas nunca dixerán un cadro que lles entre polos ollos e deben saber que unha mazá pintada sobre unha tea, se é que a pintou un bo pintor, será un cadro e non unha mazá. Se está pintada por un señor que o que fixo foi copiar, cinguirse ao que moitos chaman a realidade, parecerá unha mazá, pero neste caso será un mal cadro. Aos gustos desta xente eu recoméndolles a fotografía en cor.

Penso que aínda hai moitas persoas que cren que os retratos que pintaron Tiziano e Velázquez están nos museos porque son os retratos da Familia Real de Carlos V. Pois non. Están nos museos porque son obras mestras da pintura. Os personaxes para o pintor tiveron o mesmo valor que a mazá do bo cadro. Os cadros dos museos con naturezas mortas, reis e príncipes, están alí por ser cadros e se a alguén representan é ao pintor que os pintou. Un cadro é algo así como un invento ou un descubrimento que o artista crea, que atopa, coas súas ferramentas e a súa intuición, ou dito doutro modo, co seu eu, deixando nel a súa personalidade, a súa orixinalidade e unha boa calidade na materia con que se expresa.

Hai artistas que crean fronte á natureza. Para outros, os seus temas son imaxinados, creados de dentro para fóra. Cando nos atopamos fronte a un bo cadro, todo o noso corpo sensibilízase, é unha alegría que bole no noso sangue. Nese solemne instante, están abertas as portas da intelixencia para recibir a comunión do creado polo home.

Dixen aquí que xamais o artista tivo unha información como ten hoxe de todo o que se fixo e se está a facer no mundo plástico. As monografía que se editan sobre pintura antiga e moderna, penso que están facendo un ben e un mal. Ben a toda persoa amante das artes, que lle guste gozar do debuxo e da pintura; ben ao artista que as asimile para enriquecer o seu propio mundo. Pero mal para un gran número de pintores que pintan imitando os cadros reproducidos nelas, cadros que despois expoñen con toda a ousadía como se fosen orixinais. E por se fose pouco, así como hai mala pintura, tamén hai mala crítica e aquí é onde toma corpo a gran feira da nada e unha especie de loucura colectiva.

A maioría da xente está quedando baleira. Non ten mundo de seu. Se o tiña, esqueceuno. Deixouno morrer ou, mellor dito, matárono obsesionados polo que está de moda. E, senón, miren vostedes o panorama pictórico. Vello e mozo facendo

as mesmas chiscadelas e os mesmos acenos. Aquí xa non se sabe quen é quen. Hai exposicións colectivas que as pode asinar un López e a xente que as visite dirá: “Canto traballou López!”.

O artista honesto hoxe volve ser un heroe, non deixándose influír polos mercadores da moda. El non oe, el sente, pero o que está dentro del, non o que falan nin o que “parlan” certos papagaios interesados nesta feira da nada.

O pintor profundo presente que a farsa está chegando á súa fin. Pensen vostedes que esta é a era da psicanálise. O home psicanalízase porque non quere ser el. Ten medo de si mesmo, estórballe o seu eu, a súa loita é desfacerse del, é unha especie de diaño que lle molesta. Daquela trata de cambiar a súa personalidade, pasa a ser un home vivo cun cadáver dentro. Por iso, en todo o que fai e crea está máis presente a morte que a vida¹¹⁷.

Esperemos que non tarde en desaparecer do espazo a ameazadora interrogación do fongo atómico, deixando unha nova sociedade na que todo creador será máis libre que os cazadores de renos das covas de Altamira.

Laxeiro, pintor e anarquista indolente.

Bos Aires, 11 de outubro de 1962

(Con este mesmo contido Laxeiro deu unha charla na sala Jofer de Pontevedra en xuño de 1972)¹¹⁸

117 · Este parágrafo aparece tamén en CASTRO FERNÁNDEZ, X.A. et al. *Laxeiro, op. cit.* e CARUNCHO AMAT, L.M. *Laxeiro, op. cit.*, como parte do texto titulado “Charla por Don Ramiro” que corresponde ao número 116 da presente publicación.

118 · Comentario anotado en *ibidem*.